

XORNADA ARTE + EDUCACIÓN



Alédame poder contar coa túa participación no encontro *Arte + Educación* que terá lugar o próximo 30 de xuño no Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela).

Arte + Educación analizará como é a relación entre arte e educación repensando cales poden ser as estratexias de actuación desde a creación, educación e mediación artísticas.

Alén da participación das relatoras e relatores convidados, cóntase coa colaboración e implicación de profesionais do contexto galego relacionados coa investigación das relacións entre Educación e Arte, como a célula C3, un colectivo de reflexión e acción artística contemporánea que traballa coa finalidade de profundar e dar visibilidade a metodoloxías actuais, reivindicar novos espazos para vivir a arte e a educación no sistema público e realizar propostas encamiñadas a acadar estes fins.

Como resultado desta colaboración, queremos convidarte a configurar un horizonte conceptual sobre os contextos, as formacións, os colectivos, as institucións e os campos de estudo relacionados coa educación artística.

A continuación achégoche unha proposta de Cristina Trigo, como integrante de C3, para que os e as asistentes á xornada poidan participar nun proxecto colaborativo en paralelo á realización desta xornada.

Agradeceríamos poder contar coa túa participación.

Un cordial saúdo,

Natalia Poncela
Coordinadora

Como é hoxe en día a idea de coñecemento na educación artística?

A temática desta xornada ao redor do binomio *arte e educación* suxeriu nos reflexións e preguntas *sobre as estratexias e os modos* que despregamos nos eidos da creación, da educación e da mediación. Gustaríamos compartilas contigo e pedirche a túa achega, comentarios, solucións, alternativas...

Tirando do fío do tema da xornada...

- Nos últimos anos, xurdiron en diferentes lugares iniciativas de colectivos de artistas e outros profesionais que traballan con diversas comunidades no desenvolvemento de proxectos. Moitos deles sitúanse á marxe das institucións da arte e da educación ou ben procuran a súa colaboración mais a súa orixe adoita estar fóra destes ámbitos.

- Ao tempo, algunhas das grandes citas artísticas nacionais e internacionais¹ nas que o papel da mediación quedaba –de existir– relegado a un segundo plano profundaron nas relacións entre arte e educación e, mesmo, se crea a figura do *curador pedagóxico* coa finalidade de que o proceso pedagóxico quede completamente integrado no equipo e no programa dese evento.

- A sociedade das tecnoloxías expande as posibilidades da comunicación e facilita o traballo en rede así como o desenvolvemento e difusión de moitas iniciativas, investigacións ou experiencias. Invitan á participación e á reflexión sobre o papel da educación artística hoxe, no que a experiencia da arte como un proceso vivido semella ser clave.

- Segue a existir unha fenda entre a investigación a través das artes, o traballo de colectivos coa comunidade, a actividade e o debate na rede e o contexto educativo formal. Aquí a arte segue a ser unha disciplina illada –e case en extinción– e poucas veces existe porosidade coas novas propostas artísticas ou é entendida como un proceso.

Convidámoste a participar cos teus comentarios, solucións ou alternativas ás preguntas que nós tamén nos facemos:

1_QUE IDEA DE COÑECEMENTO TEMOS?

De que falamos cando se alude ao coñecemento educativo ou artístico hoxe?

Atendendo ao teu ámbito profesional ou de estudo en Artes e/ou Educación: en que cres que debería ser diferente ao que existe, se é que consideras que debe cambiar?

2_QUE/QUEN FORMA PARTE?

Que factores, axentes, contextos... forman parte da túa forma de entender o coñecemento?

3_ARQUITECTURA DE PENSAMENTO

Que forma ten a túa idea de coñecemento? A que se asemella visualmente ou con que se relaciona?

É un diagrama, un relato, unha fotografía, un vídeo, unha maqueta...?

Coas respostas e/ou imaxes que nos envíes (difusion@consellodacultura.gal) irase construíndo un despregabre o día da xornada, un espazo de acción que nos permitirá ver a complexidade do mapa no binomio arte e educación. Agradécemosche a túa participación.

¹ Como a Bienal de Mercosur (edicións 6ª, 7ª, 8ª) ou a Bienal de Venecia (2015). Convén sinalar tamén que en 2005 en Madrid realizáronse dúas exposicións que tiveron a relación arte-educación como eixe temático (“Un saber realmente útil”, MNCARS, e “Ni arte ni educación”, Matadero)